

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 26 DE XUÑO DE 2014.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día vinte e seis de xuño de dous mil catorce, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida **polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:**

- **D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**

**Non asisten os Sres. Español Otero e Lomba baz.**

**Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.- Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

### **PUNTO 1.- ACORDOS**

---

Visto o informe do fontaneiro municipal relativo a solicitude de anulación do recibo de auga do 4º trimestre de 2007 do abonado nº 561170 e referente á vivenda sita na rúa Brasilino Álvarez, nº 6-3ºD, a Xunta de Goberno Local acorda denegar dita solicitude en base ó mesmo.

Visto o informe do fontaneiro municipal relativo a solicitude de anulación do recibo de auga do 2º trimestre de 2006 do abonado nº 281405 e referente á vivenda sita na rúa Bechos, nº 7-2ºD, a Xunta de Goberno Local acorda denegar dita solicitude en base ó mesmo.

Vista a Orde de 16 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas, con personalidade xurídica propia, e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede a súa convocatoria para o ano 2014, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL acorda solicitar unha subvención ao abeiro desta Orde comprometéndose a achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que corresponda.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 25 de xuño de 2014 comunicando a dilixencia ditada o 19 de maio de 2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 43/09 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 298/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o Decreto 258/02 do Alclde de A Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno de A Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D. Luis Fernando Gomes Peixoto.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da dilixencia de 19 de maio de 2014 e acorda dar traslado deste acordo ós departamentos de Intervención e Tesoureiría para que instrúan os procedementos necesarios para o pago, tendo en conta que xa se lle informara ó Xulgado no seu día que este importe sería incluído no novo orzamento municipal para o 2014 ou ben realizando unha modificación de crédito se non vai a ser aprobado dito orzamento antes desta data.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar por vía de urxencia de de M<sup>a</sup>.L.P.C..

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Lese o escrito RE 3.487 de data 19 de xuño de 2014, presentado por DNA. GABRIELA LADRERO MARTIN, con enderezo na rúa Circunvalación, nº 24-1º Esq. da Guarda, actuando en representación de PODEMOS A GUARDA, solicitando permiso para instalar unha mesa de información na alameda algún sábado pola mañá.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que deberá concretar unha data exacta para poder autorizarlle a súa petición xa que durante o verán se realizan diversos actos na alameda.

Lese o escrito RE 3.421 de data 18 de xuño de 2014, presentado por D. JOSE MANUEL PORTELA GIL, con enderezo na Avda. de Buxán, 16 da Guarda, solicitando a anulación dos recibos do 1º e 2º trimestre de 2014 de consumo de auga municipal do obxecto tributario Avda. de Buxán, nº 16-baixo xa que se produciu unha lectura excesiva por unha fuga imposible de detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular os recibos correspondentes ó 1º e 2º trimestre de 2014 e emitir uns novos pola media ponderada.

Lese o escrito RE 3.641 de data 24 de xuño de 2014, presentado por COMISIÓN DE FESTAS DE VIRXE DO CARME, solicitando permiso para levar a cabo as tiradas de fogos de artificio revistas para os días 7, 15 e 16 de xullo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sen perxuízo de outras autorizacións sectoriais.

Lese o escrito RE 3.634 de data 24 de xuño de 2014, presentado por DNA. M<sup>a</sup> DEL CARMEN VINIEGRA GARCÉS, con enderezo na rúa Rosentes, n<sup>o</sup> 6 da Guarda, solicitando a instalación dunha farola nas inmediacións da súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dáse conta dos escritos RE n<sup>o</sup> 3705 e 30706 de data 25 de xuño de 2014, presentados pola **Asociación veciñal, cultural e deportiva O Cancelón**, domiciliada na Trav. Troncoso n<sup>o</sup> 3 de A Guarda, solicitando a colaboración do concello para a celebración da Festa do Mexillón os días 11, 12 e 13 de Xullo, e da festa do Percebe os días 2 e 3 de agosto, a desenvolver na Alameda Municipal.

A Xunta de Goberno Municipal, acorda comunicarlle que para que o concello preste colaboración con esas actividades festivas, haberán de solicitar o permiso correspondente de celebración de acordo co establecido na lei 9/2013, de 19 de decembro.

## **PUNTO 2.- ASUNTOS TRAIOS POR CONCELLEIROS**

Lese o escrito RE 3.557 de data 20 de xuño de 2014, presentado por CONVERXENCIA GALEGA, reiterando a solicitude de data 26 de febreiro de 2014 relativo ós gastos ocasionados con motivo da presenza de persoal de concello na edición de "Xantar" en Ourense.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que os únicos gastos xerados foron os da técnica de turismo.

Lese o escrito RE 3.558 de data 20 de xuño de 2014, presentado por CONVERXENCIA GALEGA, reiterando a solicitude de data 5 de marzo de 2014 relativo á información sobre o festival de dulcería na Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que:

- A feira non tivo ningún coste económico.
- A presenza da concelleira de turismo foi con carácter institucional (e acudiu no seu vehículo).
- Foi acompañada pola Concelleira da Muller a nivel institucional, e tampouco tivo coste para o Concello.
- Trala invitación da Cámara de Caminha celebrouse unha reunión coas pastelerías e confiterías da localidade e se lles invitou a acudir este acto.

*Sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.*